

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. LIÑA COLEXIOS E ASOCIATIONS DE NAIS E PAIS.

BASES ESPECIFICAS COMPLEMENTARIAS DAS BASES REGULADORAS XERAIS. EXERCICIO 2019.

Bases especificas, que rexen a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencions para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural no ano 2019, que están suxeitas á Ordenanza reguladora de subvencions dirixidas a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Riveira, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 100 de data 29 de maio de 2018 (aprobada en Pleno da Corporación, en sesión de data 26 de marzo de 2018), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencions, á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencions de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencions, durante o exercicio 2019, destinadas a fomentar, apoiar e impulsar a actividades extraescolares desenvolvidas polos colexios existentes no Concello de Riveira, así como das súas ANPAs, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia competitiva e publicidade.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS (requisitos).

Destinatarios

- a) Escolas e centros educativos públicos ou concertados radicados no termo municipal, e nos que se imparta ensino regrado.
- b) Asociacións de nais e pais existentes nestes.

3. FINALIDADE (gastos subvencionables).

Poderá ser subvencionada –ata un máximo do 50 % do gasto acreditado– a organización de actividades clasificadas, a efectos desta convocatoria, nas liñas que a continuación se relacionan:

- actividades extraescolares.
- viaxes educativas.

4.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

No vixente orzamento municipal existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto derivado desta convocatoria, con cargo ás seguintes aplicacións, e polo importe que se indica:

Aplicación orzamentaria	Liña de subvención	Crédito
323 48000	Educación	6.000 €

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto ao lugar e prazo de presentación, así como a documentación que se debe achegar, remítese ao apartado 4 das bases xerais así como ao previsto no apartado 3 do artigo 23.2 da Lei xeral de subvencions.

A presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

6.- INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A instrución do procedemento corresponderá á Concellaría de Educación. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

- Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Educación, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de educación, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría de cada Comisión Avaliadora.

Proposta de resolución.

A continuación, a Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando a proposta de concesión de achega despois da consideración das actividades que se van realizar, e en función dos criterios establecidos en cada liña de actuación.

- Interese da actividade e adecuación ao interese local: ata 25 puntos
- Número de socios activos da asociación: ata 20 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 25 puntos
- Orzamento da actividade: ata 25 puntos
- Emprego da lingua galega: ata 5 puntos.

En relación aos criterios de número de socios, coeficiente de financiamento e orzamento declarado os puntos serán asignados de acordo cos seguintes criterios:

Nº de socios activos	Puntos	Coeficiente de financiamento	Puntos	Orzamento declarado	Puntos
0-20	0	0-10	25	Máis de 3.000 €	25
21-30	5	11-20	20	Entre 2.400 e 2.999 €	20
31-40	10	21-30	15	Entre 1.800 e 2.399 €	15
41-50	15	31-40	10	Entre 1.200 e 1.799 €	10
Máis de 50	20	41-50	5	Entre 600 e 1.199 €	5
				Menos de 600 €	0

Resolución do procedemento

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía efectuada en virtude do decreto 01.07.2015. A resolución da concesión ditarase no prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución das axudas en base ao informe emitido polo persoal da comisión avaliadora e a proposta da concelleira de Educación, e publicarase unha lista cos solicitantes e a resolución no Taboleiro de anuncios do concello.

Contra a resolución adoptada na execucións da presente convocatoria poderase interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes desde a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes desde a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

7. XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación será dun mes desde a data de notificación da concesión da subvención, agás que se solicitase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

Estas bases específicas establecen unha excepción das Bases reguladoras xerais da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, artigo 5, Instrución e resolución da convocatoria, apartado Importe das achegas que se conceden, que “Con carácter xeral o importe mínimo da achega concedida por entidade será de 300 € e o máximo non poderá superar os 2.000 €.”

Establécese o importe mínimo da achega concedida por entidade, ANPA ou colexio, en 100 € e non poderá superar os 2.000 €

Estas bases específicas establecen unha excepción das Bases reguladoras xerais da convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro, artigo 6, Xustificación e pagamento, apartado “Pagamento”, parágrafo 3º que “[...] Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados, e ata un importe total máximo que non supere o 10% do gasto xustificado.”

Establécese para a liña de ANPAs e colexios que só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico de gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados nas bases reguladoras xerais, sen ter en conta o % sobre o gasto xustificado.

No lugar e data da sinatura dixital

O alcalde

Asdo. Manuel Ruiz Rivas